



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS


Xullo 2021

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2021

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Indicador de actividade e de VEB do sector servizos. Base 2015. Xullo 2021


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de xullo en Galicia un incremento do 8,1% respecto ao mesmo mes do ano anterior. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 11,6%.
- O Comercio incrementa a facturación o 5,2% e os Outros servizos o 16,3%.
- En todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios.
- O persoal ocupado no sector servizos aumenta un 2,8%, tanto en Galicia como en España, respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- Todas as comunidades autónomas rexistran incrementos do persoal ocupado agás Canarias.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de xullo en Galicia un incremento do 8,1% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa 3,5 puntos inferior á do conxunto do Estado, 11,6%.



O *Comercio*, cun crecemento do 5,2%, achega 3,6 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* incrementan a súa facturación o 16,3% e achegan 4,6 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España a facturación no *Comercio* aumenta o 9,4% e nos *Outros servizos* o 16,2%.

Nas actividades comerciais, o *Comercio por xunto* crece o 7,2%, co que achega 3,4 puntos a taxa de variación do índice xeral, e o *Comercio ao retalho* aumenta o 4,0% e achega 0,7 puntos; en senso contrario, a *Venta e reparación de vehículos de motor* diminúe a súa facturación un 13,8%. A nivel nacional, a *Venta e reparación de vehículos de motor* diminúe o 9,9%, o *Comercio por xunto* crece o 15,6% e o *Comercio ao retalho* o 5,0%.

Os *Outros servizos* incrementan a cifra de negocios en Galicia o 16,3%. Os sectores que amosan mellor comportamento son: *Transporte*, cun crecemento do 24,6%, co que achega 3,4 puntos, a *Hostalería*, na que aumenta a facturación un 17,5% e as *Actividades profesionais, científicas e técnicas* que crecen un 10,8%. Pola contra, diminúe a facturación nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (-0,8%).

En España, os *Outros servizos* aumentan o 16,2%. Os sectores con maior crecemento son: *Transporte* (20,1%), *Hostalería* (43,4%) e *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (22,3%).

Nos sete primeiros meses do ano, a facturación no sector servizos crece un 17,9% en Galicia. O *Comercio* crece un 16,1% e os *Outros servizos* un 23,5%. *Comercio por xunto e Transporte* son os sectores que máis repercuten no incremento do índice. En senso contrario, nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* diminúe a facturación, -4,0%.

En España a facturación no sector servizos aumenta un 13,7%; no *Comercio* crece un 15,6% e nos *Outros servizos* un 9,9%. Todos os sectores rexistran taxas positivas.

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 30,4% no mes de xullo.

Os sectores que máis contribúe a este incremento son o *Transporte* e a *Hostalería* (máis de 21 puntos entre os dous), con taxas do 19,7% e 34,4% respectivamente.


Nos sete primeiros meses do ano, o índice rexistra unha taxa do 21,9%. O *Transporte* amosa a taxa máis alta, 33,5%, mentres que *Información e comunicacións* rexistra unha taxa negativa, -0,3%.

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 9,8% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 32,3%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.




1.4. Indicadores por comunidades autónomas

No mes de xullo en todas as comunidades autónomas incrementan a cifra de negocios respecto ao mesmo mes do ano anterior. Os maiores crecementos rexístranse en Illes Balears (26,0%) e Canarias (17,3%). Os menores incrementos rexístranse en Extremadura (2,9%) e Murcia (3,4%).

No que vai de ano, as taxas máis elevadas rexístranse en Galicia (17,9%) e Castilla y León (16,7%).

Índices de cifra de negocios. Xullo 2021


Taxa de variación en %



2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta un 2,8% respecto ao mesmo período do ano anterior tanto en Galicia como en España.



O persoal ocupado aumenta un 1,3% no *Comercio* e un 4,1% nos *Outros servizos*. Todos os sectores rexistran taxas positivas. O maior incremento de emprego dáse nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (10,8%).

En España, o persoal ocupado crece un 1,5% no *Comercio* e un 3,6% nos *Outros servizos*. Todos os sectores rexistran taxas positivas, rexistrándose o maior incremento de emprego nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (6,9%).

Nos sete primeiros meses do ano, a ocupación aumenta en Galicia o 0,4% mestres que diminúe en España (-0,5%). En Galicia o *Comercio* mantén o persoal ocupado (0,0%) mentres que aumenta nos *Outros servizos* o 0,7%. A nivel nacional perden emprego tanto o *Comercio* como os *Outros servizos*, -0,4% e -0,6% respectivamente; a maior caída dáse na *Hostalería*, -7,0% en Galicia e -7,1% en España.


2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

Todas as comunidades autónomas incrementan o emprego no sector servizos no mes de xullo con respecto ao mesmo mes do ano 2020 agás Canarias (-1,0%). Os maiores incrementos rexístranse en Illes Balears (7,1%) e Murcia (4,5%).

No que vai de ano, seis comunidades aumentan o persoal ocupado. O maior incremento rexístrase en Castilla – La Mancha (1,2%). As maiores caídas danse en Canarias (-5,8%) e Illes Balears (-5,2%).

Índices de persoal ocupado. Xullo 2021

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (proprietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal e traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Xullo 2021

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	138,1	8,1	17,9
Comercio	133,1	5,2	16,1
Venta e reparación de vehículos de motor	108,3	-13,8	27,5
Comercio por xunto	139,4	7,2	17,9
Comercio ao retalho	123,1	4,0	8,3
Outros servizos	152,2	16,3	23,5
Transporte	198,8	24,6	40,7
Hostalería	113,9	17,5	6,8
Información e comunicacións	114,8	2,1	0,1
Actividades profesionais, científicas e técnicas	148,0	10,8	22,5
Actividades administrativas e servizos auxiliares	102,2	-0,8	-4,0
España			
Xeral	127,5	11,6	13,7
Comercio	131,4	9,4	15,6
Venta e reparación de vehículos de motor	129,2	-9,9	25,8
Comercio por xunto	137,3	15,6	17,1
Comercio ao retalho	120,5	5,0	9,2
Outros servizos	120,4	16,2	9,9
Transporte	123,4	20,1	13,1
Hostalería	113,5	43,4	17,3
Información e comunicacións	109,5	3,3	4,3
Actividades profesionais, científicas e técnicas	140,8	5,7	11,7
Actividades administrativas e servizos auxiliares	109,7	22,3	3,7

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Xullo 2021

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	162,9	30,4	21,9
Comercio	130,8	3,9	16,8
Transporte	199,5	19,7	33,5
Hostalería	132,8	34,4	14,3
Información e comunicacións	114,7	0,9	-0,3
Actividades profesionais, científicas e técnicas	146,5	8,7	19,3
Actividades administrativas e servizos auxiliares	160,6	29,7	11,2

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Xullo 2021**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	127,5	11,6	13,7
Andalucía	123,4	12,1	12,4
Aragón	132,6	10,8	14,6
Asturias	130,2	8,0	13,1
Balears, Illes	128,3	26,0	8,8
Canarias	105,4	17,3	2,1
Cantabria	145,8	4,5	14,4
Castilla y León	121,4	6,3	16,7
Castilla-La Mancha	137,0	7,6	15,5
Cataluña	124,3	8,9	13,8
Comunitat Valenciana	135,7	13,2	15,5
Extremadura	132,9	2,9	10,5
GALICIA	138,1	8,1	17,9
Madrid	127,8	15,0	14,6
Murcia	133,3	3,4	5,8
Navarra	131,5	8,0	13,5
País Vasco	130,9	10,9	14,8
Rioja, La	139,6	5,2	14,9

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Xullo 2021

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	107,9	2,8	0,4
Comercio	109,8	1,3	0,0
Venta e reparación de vehículos de motor	99,2	1,9	-0,9
Comercio por xunto	121,8	1,6	0,9
Comercio ao retalho	105,0	1,1	-0,5
Outros servizos	106,4	4,1	0,7
Transporte	102,0	1,6	0,1
Hostalería	97,4	1,8	-7,0
Información e comunicacións	114,9	5,4	3,3
Actividades profesionais, científicas e técnicas	109,2	1,2	2,1
Actividades administrativas e servizos auxiliares	116,8	10,8	7,9
España			
Xeral	106,9	2,8	-0,5
Comercio	105,9	1,5	-0,4
Venta e reparación de vehículos de motor	104,8	0,6	-1,3
Comercio por xunto	107,6	1,1	0,1
Comercio ao retalho	105,0	2,0	-0,5
Outros servizos	107,5	3,6	-0,6
Transporte	107,3	1,2	-0,5
Hostalería	100,5	3,5	-7,1
Información e comunicacións	112,8	3,2	1,6
Actividades profesionais, científicas e técnicas	108,0	1,7	1,0
Actividades administrativas e servizos auxiliares	113,1	6,9	3,5

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Xullo 2021**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	106,9	2,8	-0,5
Andalucía	104,3	3,6	-0,4
Aragón	110,2	2,5	-0,2
Asturias	106,7	3,9	0,4
Balears, Illes	119,3	7,1	-5,2
Canarias	99,3	-1,0	-5,8
Cantabria	109,9	3,5	-0,8
Castilla y León	102,9	1,3	-0,9
Castilla-La Mancha	108,5	3,6	1,2
Cataluña	109,5	3,1	-0,2
Comunitat Valenciana	106,0	3,3	0,1
Extremadura	106,7	1,7	-0,1
GALICIA	107,9	2,8	0,4
Madrid	106,1	2,0	-0,1
Murcia	116,5	4,5	0,5
Navarra	106,0	3,2	-0,1
País Vasco	103,7	2,0	0,1
Rioja, La	106,4	2,5	-0,1

Fonte: INE